

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2015-2016

Materias:

ESO:

- **MÚSICA 2º ESO**
- **MÚSICA 4º ESO**

Membros do Departamento:

- *Íñigo Barreiro García*
- *María Cabo Carballal*

ÍNDICE

• Actividades e Metodoloxía	4
• Materiais e Recursos.....	6
• Criterios xerais de Calificación	7
• Actividades complementarias e extraescolares.....	8
• Atención á diversidade	10
• Plan lector.....	12
• PlanTic.....	14
• Recuperación de pendentes.....	18
• E.S.O.....	19
• Competencias básicas de etapa	19
• Competencias básicas da etapa na materia de música	26
• Obxectivos xerais de etapa na materia de música	30
• A avaliación na ESO	32
• 1. SEGUNDO CURSO DE E.S.O.....	34
○ 1.1. Obxectivos.....	34
○ 1.2. Obxectivos Mínimos	37
○ 1.3. Contidos	39
○ 1.4. Contidos Mínimos	42
○ 1.5. Temporalización	44
○ 1.6. Criterios de Avaliación	47
○ 1.7. Criterios Mínimos de Avaliación	48
• 2. CUARTO CURSO DE E.S.O.	50
○ 2.1. Obxectivos	50
○ 2.2. Obxectivos Mínimos	52

2.3. Contidos	53
2.4. Contidos Mínimos	57
2.5. Criterios de Avaliación	60
2.6. Criterios Mínimos de Avaliación	61
2.7. Procedementos de Avaliación	63
• Avaliación da propia programación.....	65

Actividades e Metodoloxía

Na etapa de Educación Secundaria Obrigatoria, o mesmo que no bacharelato, a metodoloxía empregada no ensino da música estará baseada nos seguintes criterios didácticos:

- **Busca dunha educación integral, desenrolando toda a personalidade do alumno.**
- **O ensino debe adaptarse ó proceso de aprendizaxe do alumno.**
- **Pártese do que o alumno xa ten asimilado de niveis anteriores.**
- **Os alumnos deben construí-los seus propios aprendizaxes dende as súas posicións básicas e elaboracións persoais, contrastadas coa obxectividade dos contidos dados na clase.**
- **Fomentaranse as aprendizaxes significativas.**
- **Terase en conta a atención á diversidade.**
- **Proponse un ensino onde se cultive o aspecto socializador e grupal.**
- **Tentarase dar unha experiencia na aula e fóra dela, polo que se fomenta o ensino experimental.**
- **Teranse en conta as conexións interdisciplinais.**

A metodoloxía do ensino de música enfocarase así mesmo cara unha aprendizaxe participativa. É o alumno quen ten que enfrontarse ó desenrolo e adquisición dos coñecementos e conceptos, así como á súa comprensión, valoración e enxuzamento.

Empregarase pois unha estratexia de indagación motivadora para que o propio alumno realice a súa aproximación ós centros de interese creados polo profesor, o cal deberá desempeñar un dobre papel: marcar ós alumnos as pautas das actividades fundamentais e proporciona-los materiais necesarios para a construción dos coñecementos. A estratexia expositiva deberá axustarse ó ensino de feitos e conceptos.

Outro aspecto metodolóxico xirara en torno ó procedemento da audición activa. A acción de aprender a escoitar, que xa se iniciou en primaria débese seguir cultivando, xa que a adquisición dun oído capaz de recoñecer e diferenciar é algo que supón un longo proceso. Débense buscar actividades motivadora para os alumnos. Débese ter en

conta que as actividades de audición poden caer con facilidade na pasividade, polo que se propón unha audición activa, onde o alumno interveña no mesmo proceso.

A interpretación será tamén fundamental no ensino da música, xa que:

- É unha fonte de socialización.

- Cultiva importantes aspectos técnicos e expresivos.

A actividade de aprendizaxe articúlase en torno a secuencias significativas, calidades e trazos expresivos (esquemas rítmicos, xiros melódicos, obstinatos, combinacións de timbre, etc.) e non tanto en torno a conceptos.

En canto as actividades concretas dentro da aula, tanto na etapa da ESO como no bacharelato podemos citar:

- **Lectura de partituras.**
- **Cuestionarios sobre os temas tratados.**
- **Exercicios de discriminación sonora.**
- **Interpretación de cancións de diversos estilos, a unha e varias voces, con acompañamento rítmico ou sen el, con acompañamento de obstinatos no baixo ou con outro tipo de acompañamento, con instrumentos e coa voz.**
- **Audición de obras de distintos períodos e correntes musicais con cuestionarios de análise das mesmas.**
- **Actividades e xogos de percusión corporal.**
- **Ditados rítmicos e melódicos.**
- **Confección de murais e outro tipo de traballos creativos**
- **Actividades escritas de diversa índole: resumes, esquemas, preguntas, exercicios teóricos de linguaxe musical...**
- **Traballos de investigación sobre distintos temas.**
- **Visionado de películas ou fragmentos de películas, documentais e programas divulgativos relacionados coa materia.**

- **Gravación das interpretacións musicais dos alumnos na aula.**
- **Actividades na aula de informática: montaxe de audio e video, programas de edición de partituras, actividades en Javaclick, etc...**
- **Composición de cancións simples, invención de esquemas rítmicos, de obstinatos rítmicos e melódicos, invención de textos para unha música dada e viceversa, creación de poemas , textos literarios ou traballos artísticos relacionados con audicións de distintos estilos.**
- **Debate sobre temas sociais relacionados co son e coa música: A contaminación acústica, a relación entre tribos urbanas e estilos musicais, a violencia na letra das cancións actuais, a comercialidade da música, etc...**

Materiais e Recursos

Libro de texto: O seminario de música decidiu non establecer libro de texto en ningún nivel educativo.

Tanto en 2º coma en 4º de ESO empregaranse como material diversos libros de consulta da aula e das bibliotecas, así como resumes de temas, fichas, partituras, e exercicios confeccionados polo profesor e polos propios alumnos. As fichas, apuntes, partituras e exercicios que se usen para traballar na aula serán facilitados ós alumnos polos profesores do departamento, ocupándose os propios rapaces de fotocopialos ou ben de recoller as copias deixadas na fotocopidora do centro sempre que así se lles indique. A tal efecto, deixaráselles unha marxe razoable de tempo para facerse co material antes de comezar a traballar con el. Unha vez rematado o prazo para facerse co mesmo, tódolos alumnos deberán traelo á aula, podendo ser sancionados no caso de non ser así.

Instrumentos: Empregaranse os instrumentos da aula (láminas, pequena percusión, piano eléctrico) tanto para acompañar-las cancións vocais como para as interpretacións instrumentais, así como frutas doces aportadas polos alumnos e polo propio Departamento. A fruta doce será material obrigatorio para tódolos alumnos de 2º de ESO, e o feito de non traela á aula será motivo de sanción.

Material de reforzo: CDs, arquivos de audio wav e mp3, videoclips musicais de distintos estilos de música, libretos de óperas, material gráfico, películas, prensa, revistas musicais, partituras, e diverso material aportado polos propios alumnos (libros, instrumentos propios, etc.)

Cóntase ademais con un equipo de música dentro das aulas, así como un canón proxector.

Criterios xerais de calificación

Cualificaranse por separado cada un dos tres tipos de contidos avaliados, segundo o seguinte criterio:

- **Contidos conceptuais e procedimentais:** suporán o **70%** da cualificación total. Avaliaranse utilizando diferentes indicadores, como probas escritas e orais, así como mediante a análise dos cadernos e dos diferentes traballos que se manden facer, e pola observación directa da interpretación (instrumental, vocal e de movemento) das obras musicais traballadas.etc.
- **Contidos actitudinais:** suporán o **30%** da cualificación total. Avaliaranse por observación directa.

O alumno haberá de obter, como mínimo, un 30% da nota máxima en cada un dos dous devanditos apartados. Se non, non se poderá facer o cálculo da nota da avaliación e esta estará suspensa.

No caso de que actitude dalgún alumno interfira desfavorablemente coa consecución dos obxectivos e contidos programados, poderáselles amoestar e penalizar cun negativo, o que suporá a redución de 0,5 puntos do total da nota da avaliación.

Será motivo de amoestación e penalización, entre outros:

- **Non trae-lo material de música á aula (fauta, libreta, bolígrafo, libro, fotocopias, partituras, etc.)**
- **Non presentar as tarefas encomendadas, deberes para casa, traballos, etc.**
- **Faltar ó respecto de calquera xeito ós compañeiros ou ó profesor (ton groseiro, insultos, insolencia na fala, xestos de mala educación, etc.)**
- **Chegar tarde reiteradamente á aula sen ningunha xustificación.**

- **Amosar falta de atención durante as actividades da aula (falar cos compañeiros, provocar a interrupción da clase, amosar pasividade, etc.)**

En casos excepcionais poderá amoestarse ao alumno con dous negativos, o que levará consigo a redución de 1 punto do total da nota.

Actividades Complementarias e Extraescolares

As actividades complementarias e extraescolares programadas por este departamento inclúen:

- **Asistencia a concertos (especialmente didácticos).** A este departamento parécelle importante a audición de música en directo como parte da aprendizaxe musical. Con esta actividade traballaríanse, ademais dos contidos puramente musicais, distintos valores relacionados coas normas de convivencia e de conduta. Outro obxectivo sería que os alumnos tomen conciencia do feito musical como algo vivo e presente na nosa sociedade. A asistencia a concertos é unha actividade difícil de programar con tanta antelación ó non coñecer as posibles ofertas que haberá ó longo do curso, polo tanto é imposible determinar datas ou programas concretos.
- **Outras posibles actividades que podería contemplar este seminario** serían visitas a exposicións ou asistencia a conferencias, cursos ou talleres con interese dende o punto de vista musical. De novo polo descoñecemento da posible oferta destas actividades ó longo do curso, é imposible programalas dende o comezo do mesmo.
- **O departamento de música contempla tamén a posible organización dalgún concerto (de karaoke ou instrumental...) como actividade de final de curso.**
- **Mantemento da páxina web do Departamento.**

- **Utilización do blog do Departamento asociados ó sitio web do Departamento.**

- **Asemade, o departamento de música colaborará nas distintas actividades do centro e doutros departamentos que requiran algún aporte musical (desfile de carnaval, recitais de poesía, etc...)**

Atención á Diversidade

O obxectivo fundamental da ESO é atender ás necesidades educativas de tódolos alumnos, cos seus diferentes intereses, distintas necesidades, formación, etc... A atención á diversidade será pois considerada:

En relación cos contidos:

- Coñecendo o nivel inicial de cada alumno nos distintos bloques de contidos.
- Adaptando os contidos de xeito individualizado, tendo en conta:
 - O interese amosado polo alumno.
 - As posibilidades de alcanza-los obxectivos propostos.
- Utilizando unha metodoloxía participativa para estimula-lo aprendizaxe dos alumnos máis reacios ó esforzo mediante a presión do grupo.
- Controlando o ritmo de ensino aprendizaxe de cada alumno, posibilitando ó máximo o aproveitamento das súas capacidades.
- Priorizando os contidos mínimos de cada unidade.

En relación coas estratexias didácticas:

- Diversificando as actividades de aprendizaxe tanto en dificultade como nas distintas modalidades de aprendizaxe.
- Agrupando os alumnos na aula, alternando o traballo individual con pequenos grupos heteroxéneos, favorecendo a participación.

En relación coa avaliación:

1. Establecendo a avaliación inicial a comezo do curso.
2. Utilizando actividades de avaliación sumativa, establecendo unha diferenza entre os distintos niveis de adquisición dos contidos.

En relación coas actitudes:

Resaltando os aspectos positivos dos coñecementos, estimulando a integración no grupo e o espírito de tolerancia.

Plan lector

1. Introducción

O plan anual de lectura e o proxecto lector de centro garantirán a paulatina capacitación do alumnado nas competencias básicas da súa formación como cidadáns. Con esta finalidade, empregaranse cun enfoque funcional as distintas tecnoloxías da comunicación e da información ó alcance do alumnado. A formación da lectura comprensiva esixe un traballo progresivo e continuado.

Na área de música traballarase con diversos tipos de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos, en soporte impreso ou electrónico.

Así mesmo non podemos esquecer que a música en si é unha linguaxe con signos propios, polo o departamento de música inclúe no plan lector a lectura comprensiva de partituras e signos musicais.

2. Actividades da área de música para o desenvolvemento do plan lector.

As actividades da área de música destinadas ó desenvolvemento do plan lector serán:

- Lectura comprensiva de textos relacionados cos contidos da materia, resumes e esquemas dos mesmos.
- Lectura reflexiva de enunciados de preguntas e cuestionarios sobre temas traballados na aula
- Lectura reflexiva e comentario de citas de artistas relevantes ou personaxes históricas relacionadas con contidos da materia.
- Traballo de investigación que supoñan o uso, ou ben da biblioteca, ou ben das ferramentas informáticas correspondentes.
- Lectura e análise crítico de textos con fin comerciais, en soporte impreso ou audiovisual.

- Lectura de subtítulos en películas, documentais ou secuencias de vídeo.
- Ampliación de temas con lecturas recomendadas de libros relacionados cos mesmos.
- Lectura e comentario crítico de noticias relacionadas cos contidos de música recollidas dos xornais.
- Traballos sobre artigos relacionados coa música da prensa e de revistas de divulgación.
- Análise crítico de revistas de vendas de discos e material musical. Lectura crítica das mensaxes publicitarias, tanto gráficas como de texto.
- Lectura e análise de carátulas de CDs ou DVDs de música e cine co fin de obter información de tipo musical.
- Lectura comprensiva, crítica e reflexiva de letras de cancións de diversos estilos e épocas traballadas na aula e relacionadas co currículo da materia.
- Redacción e lectura de textos creativos redactados polos propios alumnos e relacionados cos contidos da materia.
- Lectura de partituras e de signos musicais.

3. Temporalización do plan lector

O seminario de música determina para o desenvolvemento do plan lector na súa materia unha dedicación ás actividades arriba descritas dun mínimo de cinco minutos diarios, buscando sempre unha relación entre elas e os contidos da programación que se desenvolvan nese intre.

Plan de integración das tecnoloxías da información e a comunicación (Plan TIC)

Actividades na área de música para o desenvolvemento do plan TIC

- **Seguimento de partituras**
 - Os programas de edición de partituras sobre soporte MIDI, en conxunto co proxector de vídeo, permiten escoitar unha canción en conxunto ou por voces, mentres unha barra indicadora percorre a partitura. Isto serve para a comprensión de harmonía, textura, melodía, frases musicais, etc.
- **Recoñecemento de instrumentos**
 - Mediante o uso do canón proxector e/ou encerado dixital, usaranse materiais interactivos para, a partir da imaxe ou son, recoñecer os instrumentos, tanto da orquestra sinfónica coma instrumentos do mundo. No espazo web do departamento poderanse consultar ditos materiais.
- **Linguaxe musical**
 - Utilizaranse os equipos do centro cun programa de edición de partituras e/ou secuenciación MIDI para exercicios de ditado, completar compases, uso de alteracións, claves, etc.
- **Práctica instrumental-vocal**
 - A partir dunha partitura en formato MIDI, reproducése unha base musical resaltando ou ocultando as voces precisas para que os alumnos toquen ou canten por enriba da base.
- **Actividades Jclic ou similares**
 - Usar portátiles con canón proxector na aula para realizar actividades en Jclic ou programas similares relacionadas co currículo da materia (linguaxe musical, tímbrica, percorrido polos distintos estilos musicais ao longo da Historia, etc.)

- Hai unha variada proposta de actividades deseñadas en JClic dispoñibles para os alumnos no sitio web do Departamento (<http://centros.edu.xunta.es/iesleiraspulpeiro/departamentos/musica/actividades.htm>), para que poidan ser utilizadas desde a casa o mesmo desde o centro.
- **Proxección de vídeos ou sons en streaming**
 - Uso da páxina de YouTube e GoEar para almacenar e proxectar vídeos e sons en streaming en clase e que tamén os podan ver na casa.
- **Participación nos blogs do Departamento**
 - No blog **Musicados** (<http://musicados.blogspot.com>), que xa se creou no pasado curso, os profesores do Departamento publicarán periodicamente entradas (artigos) referentes aos contidos presentes no currículo da materia. Os alumnos poden publicar comentarios en cada unha desas entradas. Nesas artigos publícanse tamén vídeos e arquivos de audio que ilustran os contidos tratados no texto. Tamén se utilizarán os contidos do blog na clase, cun proxector e un computador conectado a Internet.
 - No blog **Escoita...Escucha...** (<http://escoita.blogspot.com>) son os alumnos os que publicarán as súas propias entradas, escollendo libremente o tema ou ben coma un traballo encomendado polo profesor sobre un determinado contido. Tamén deben ser quen de publicar neles material audiovisual (vídeos ou arquivos de audio) encontrado na rede.
- **Utilización polos alumnos dunha páxina personalizada en Google Apps:**
 - Os alumnos utilizarán unha páxina parcialmente personalizada por eles en Google Apps, como porta de acceso aos distintos recursos de traballo na materia baseados en Internet:

- os blogs e as páxinas web do Departamento
- unha conta de correo electrónico propia para a materia
- traballo en grupo desde distintos ordenadores sobre un mesmo documento, con posibilidade de ser corrixidos online polo profesor ó mesmo tempo que o elaboran
- calendario de eventos (datas de exames, de entrega de traballos, etc.) que pode ser consultado nesa web ou ben mediante sms ao móbil do alumno, ou por correo electrónico, segundo elixan eles.
- acceso a dicionarios online (RAE, tradutores, wikipedia, etc.)
- acceso a buscadores de vídeos na rede (buscadores en YouTube ou en Google Video)
- acceso a diferentes páxinas web interesantes para eles relacionadas coa música
- acceso a páxinas de información periodística (xornais, etc.)
- posibilidade de que o alumno engada á súa páxina de acceso calquera contido ou enlace que considere interesante
 - Nesa páxina o alumno debe identificarse cun nome de usuario e cun contrasinal determinado (o mesmo que utiliza en todos os servizos web do Centro: Internet e Intranet).
- **Gravación de cancións interpretadas polos alumnos**
 - Mantendo a liña de actuación dos últimos catro anos, utilizarase o equipo de son do instituto, conectado a un ordenador, para gravar en formato dixital e postproducir con programas de edición de audio as cancións que se preparen durante o curso nos distintos niveis. Tamén se poderán face gravacións con cámara de vídeo para montaxes de imaxe e son.

- **Gravación e edición de videoclips musicais, curtametraxes, anuncios de tv ou traballos creativos de montaxe de imaxes e son.**
 - Utilizarase para iso a cámara de video do instituto, ou algunha outra aportada polos propios alumnos, así como fotografías propias, realizadas polos rapaces, sempre priorizando os contidos musicais destas actividades.

- **Actividades de dobraxe**
 - En relación co uso e importancia do son e da voz nos medios de comunicación, poderá realizarse algunha actividade de dobraxe de pequenos fragmentos de series, películas, anuncios ou vídeos, principalmente en 1º de BAC.

- **Actividades con karaoke**
 - O uso de programas de karaoke para a interpretación vocal de obras de diferentes estilos resulta especialmente motivador para os alumnos destas idades. Conectando un portátil ó equipo de música e usando un canón para proxecta-las letras das cancións é doado montar unha sesión de karaoke na aula. A súa relación cos bloques de contidos relacionados coa interpretación, a escoita e incluso a contextualización de obras é importante, a vez que é innegable a súa importancia como actividade desinhibidora, cooperativa e de cohesión de grupo.

Recuperación de pendientes

As medidas para a supervisión e seguimento dos alumnos coa materia de música pendente doutros cursos son as seguintes:

- **Nos caso dos alumnos que cursen a materia de música nun nivel superior a aquel que teñan pendente, considerasase aprobada a materia pendente se superan a avaliación final dese novo nivel.**
- **Aqueles alumnos que non cursen a materia de música nun nivel superior a aquel que teñan pendente, contarán cunha reunión semanal para a aclaración de dúbidas, explicacións de contidos e entrega de material de repaso. A reunión farase durante o recreo dun día da semana durante todo o ano ata o exame final de maio.**

A estes alumnos se lles entregarán periódicamente exercicios, fichas e material de consulta e de reforzo que se devolverá posteriormente correxido para que o alumno coñeza o seu avance na materia.

Os procedementos de avaliación para alumnos que non cursen a materia nun nivel superior a aquel que teñan pendente serán:

- **Un caderniño de exercicios cada trimestre que os alumnos deberán entregar na data establecida a tal propósito. Eses exercicios serán correxidos e recibirán unha nota semellante á dun exame. Os alumnos que consigan unha nota media positiva neses exercicios a final de curso (por encima do cinco, enténdese), terán aprobada a materia.**
- **Aqueles alumnos que non entreguen algún dos caderniños de exercicios ou que non acaden unha nota superior ó cinco na media dos exercicios entregados, disporán da opción dun exame final en maio.**

E.S.O.

Competencias básicas de etapa

As competencias básicas son a capacidade de poñer en práctica de forma integrada, en contextos e situacións diversas, os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais adquiridas.

O concepto de competencia inclúe tanto os saberes como as habilidades e as actitudes e vai máis alá do saber e do saber facer, incluíndo o saber ser ou estar.

A finalidade das competencias básicas son varias:

- *Integrar as diferentes aprendizaxes, tanto as formais, incorporadas ás diferentes áreas ou materias, coma as informais e non formais.*
- *Permitirlle a todo o alumnado integrar as súas aprendizaxes, poñelas en relación con distintos tipos de contidos e utilízalas de xeito efectivo cando lle resulten necesarias en diferentes situacións e contextos.*
- *Orientar o ensino, identificando os contidos, criterios de avaliación, metodoloxía e a organización dos centros educativos. Identificamos oito competencias básicas:*

1.- Competencia en comunicación lingüística.

2.- Competencia matemática.

3.- Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico.

4.- Tratamento da información e competencia dixital.

5.- Competencia social e cidadá.

6.- Competencia cultural e artística.

7.- Competencia para aprender a aprender.

8.- Autonomía e iniciativa persoal.

Competencia en comunicación lingüística

Esta competencia refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, das emocións e da conduta.

Os coñecementos, destrezas e actitudes propios desta competencia permiten expresar pensamentos, emocións, vivencias e opinións, así como dialogar, formarse un xuízo crítico e ético, xerar ideas, estruturar o coñecemento, dar coherencia e cohesión ao discurso e ás propias accións e tarefas, adoptar decisións e gozar escoitando, lendo ou expresándose de forma oral e escrita, todo o cal contribúe, ademais, ao desenvolvemento da autoestima e da autoconfianza. En síntese, o desenvolvemento da competencia lingüística ao final da educación obrigatoria comporta o dominio das dúas lingua oficiais (galego e castelán) oral e escrita en múltiples contextos, e o uso funcional de, polo menos, unha lingua estranxeira.

Competencia matemática

Esta competencia consiste na habilidade para utilizar e relacionar os números, as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático, tanto para producir e interpretar distintos tipos de información como para ampliar o coñecemento sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade, e para resolver problemas relacionados coa vida cotiá e co mundo laboral. Forma parte da competencia matemática a habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións, o que aumenta a posibilidade real de seguir aprendendo ao longo da vida, tanto no ámbito escolar ou académico como fóra del, e favorece a participación efectiva na vida social.

Esta competencia implica o coñecemento e manexo dos elementos matemáticos básicos e a

posta en práctica de procesos de razoamento que levan á solución de problemas ou á obtención de información. O desenvolvemento da competencia matemática, ao final da educación obrigatoria supón aplicar aquelas destrezas e actitudes que permiten razoar matematicamente, comprender unha argumentación matemática e expresarse e comunicarse na linguaxe matemática, utilizando as ferramentas de apoio adecuadas, e integrando o coñecemento matemático con outros tipos de coñecemento para dar unha mellor resposta ás situacións da vida de distinto nivel de complexidade.

Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico

Esta competencia consiste na habilidade para interactuar co mundo físico, tanto nos seus aspectos naturais como nos xerados pola acción humana. Incorpora habilidades para desenvolver adecuadamente, con autonomía e iniciativa persoal, en ámbitos da vida e do coñecemento moi diversos (saúde, actividade produtiva, consumo, ciencia, procesos tecnolóxicos, etc.) e para interpretar o mundo, o que esixe a aplicación dos fenómenos desde os diferentes campos do coñecemento científico involucrados. Forma parte desta competencia a adecuada percepción do espazo físico en que se desenvolven a vida e a actividade humana, tanto a grande escala coma no contorno inmediato, e a habilidade para interactuar co espazo circundante: moverse nel e resolver problemas nos cales interveñen os obxectos e a súa posición. En definitiva, esta competencia supón o desenvolvemento e a aplicación do pensamento científico-técnico para interpretar a información que se recibe e para predicir e tomar decisións con iniciativa e autonomía persoal nun mundo en que os avances que se van producindo nos ámbitos científico e tecnolóxico teñen unha influencia decisiva na vida persoal, na sociedade e no mundo natural. Así mesmo, implica a diferenzación e valoración do coñecemento científico ao carón doutras formas de coñecemento, e a utilización de valores e de criterios éticos asociados á ciencia e ao desenvolvemento tecnolóxico. Son parte desta competencia básica o uso responsable dos recursos naturais, o coidado do ambiente, o consumo racional e responsable, e a protección da saúde individual e colectiva como elementos clave da calidade de vida das persoas.

Tratamento da información e competencia dixital

Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

Está asociada coa procura, selección, rexistro e tratamento ou análise da información, utilizando técnicas e estratexias diversas para acceder a ela segundo a fonte á cal se acuda e o soporte que se utilice (oral, impreso, audiovisual, dixital ou multimedia). Require o dominio de linguaxes específicas básicas (textual, numérica, icónica, visual, gráfica e sonora) e das súas pautas de descodificación e de transferencia, así como aplicar en distintas situacións e contextos o coñecemento dos diferentes tipos de información, das súas fontes, das súas posibilidades e da súa localización, así como as linguaxes e soportes máis frecuentes en que se adoita expresar. En síntese, o tratamento da información e a competencia dixital implican ser unha persoa autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a información e as súas fontes, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas; tamén ter unha actitude crítica e reflexiva na valoración da información dispoñible, contrastándoa cando fose necesario, e respectar as normas de conduta acordadas socialmente para regular o uso da información e as súas fontes nos distintos soportes.

Competencia social e cidadá

Esta competencia fai posible comprender a realidade social en que se vive: cooperar, convivir e exercer a cidadanía democrática nunha sociedade plural, así como comprometerse a contribuír a súa mellora. Nela están integrados coñecementos diversos e habilidades complexas que permiten participar, tomar decisións, elixir como comportarse en determinadas situacións e responsabilizarse das eleccións e decisións adoptadas.

Globalmente supón utilizar, para desenvolverse socialmente, o coñecemento sobre a

evolución e organización das sociedades e sobre os trazos e valores do sistema democrático, así como utilizar o xuízo moral para elixir e tomar decisións, e exercer activa e responsablemente os dereitos e deberes da cidadanía. O exercicio da cidadanía implica dispoñer de habilidades para participar activamente e plenamente na vida cívica. Significa construír, aceptar e practicar normas de convivencia acordes cos valores democráticos, exercer os dereitos, liberdades, responsabilidades e deberes cívicos, e defender os dereitos dos demais.

En síntese, esta competencia supón comprender a realidade social en que se vive, afrontar a convivencia e os conflitos empregando o xuízo ético baseado nos valores e prácticas democráticas, e exercer a cidadanía, actuando con criterio propio, contribuíndo á construción da paz e da democracia, e mantendo unha actitude construtiva, solidaria e responsable ante o cumprimento dos dereitos e obrigas cívicas.

Competencia cultural e artística

Esta competencia supón coñecer, comprender, aprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais, artísticas e deportivas, utilízalas como fonte de enriquecemento e goce e consideralas como parte do patrimonio dos pobos.

Isto supón desenvolver aquelas habilidades e actitudes que permiten acceder ás distintas manifestacións do feito artístico, así como habilidades de pensamento, perceptivas e comunicativas, sensibilidades e sentido estético para poder comprendelas, valoralas, emocionarse e gozar delas. Trátase dunha competencia que facilita tanto expresarse e comunicarse como percibir, comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura. A competencia artística incorpora o coñecemento básico das principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas, así como das obras e manifestacións máis destacadas do patrimonio cultural. A competencia artística implica unha actitude de aprecio da creatividade implícita na expresión de ideas, experiencias ou sentimentos a través de diferentes medios artísticos, como a música, a literatura, as artes visuais e escénicas, ou das diferentes formas que adquiren as chamadas artes populares. En síntese, o

conxunto de destrezas que configuran esta competencia refírese tanto á habilidade para apreciar e gozar coa arte e outras manifestacións culturais, como aquelas relacionadas co emprego dalgúns recursos da expresión artística para realizar creacións propias. Implica un coñecemento básico das distintas manifestacións culturais, artísticas e deportivas; a aplicación de habilidades de pensamento diverxente e de traballo colaborativo; unha actitude aberta, respectuosa e crítica cara á diversidade de expresións artísticas e culturais; o desexo e vontade de cultivar a propia capacidade estética e creadora e un interese por participar na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade como doutras.

Competencia para aprender a aprender

Esta competencia desenvolve habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo de acordo cos propios obxectivos e necesidades.

Esta competencia ten dúas dimensións fundamentais:

- a) A adquisición da conciencia das propias capacidades (intelectuais, emocionais, físicas), do proceso e das estratexias necesarias para desenvolve-las.
- b) Dispoñer dun sentimento de competencia persoal, que redunde na motivación, na autoconfianza e no gusto por aprender.

Esta competencia require proporse metas alcanzables a curto, medio e longo prazo e cumprilas, elevando os obxectivos de aprendizaxe de forma progresiva e realista. Isto supón ser capaz de autoavaliarse e autorregularse, responsabilidade e compromiso persoal, saber administrar o esforzo, aceptar os erros e aprender de e coas demais persoas. En síntese, aprender a aprender implica a conciencia, xestión e control das propias capacidades e coñecementos desde un sentimento de competencia ou eficacia persoal, e inclúe tanto o pensamento estratéxico como a capacidade de cooperar, de autoavaliarse, e o manexo eficiente dun conxunto de recursos e técnicas de traballo intelectual, todo o cal se desenvolve a través de experiencias de aprendizaxe conscientes e gratificantes, tanto individuais como colectivas.

Autonomía e iniciativa persoal

Esta competencia refírese por unha parte, á adquisición da conciencia e aplicación dun conxunto de valores e actitudes persoais interrelacionadas, como a responsabilidade, a perseveranza, o coñecemento de si mesmo e a autoestima, a creatividade, a autocrítica, o control emocional, a capacidade de elixir, de calcular riscos e de afrontar os problemas, así como a capacidade de demorar a necesidade de satisfacción inmediata, de aprender dos erros e de asumir os riscos. Por outro lado, esta competencia desenvolve a capacidade de elixir con criterio propio, de imaxinar proxectos e de levar adiante as accións necesarias para levar a cabo as opcións e plan persoais, responsabilizándose deles, tanto no ámbito persoal como no social e no laboral. Esta competencia obriga a dispoñer de habilidades sociais para relacionarse, para cooperar e para traballar en equipo, máis aquelas habilidades e actitudes relacionadas co liderado de proxectos. En síntese, a autonomía e a iniciativa persoal supoñen ser capaz de imaxinar, emprender, desenvolver e avaliar accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico.

Desenvolvemento das competencias básicas de etapa na materia de Música.

Coa aprendizaxe da música as alumnas e os alumnos que rematen o ensino obrigatorio acadarán os obxectivos educativos propios da área, pero tamén desenvolverán as competencias básicas seguintes:

Competencia en comunicación lingüística.

Nas clases de música a linguaxe utilízase como instrumento de representación, comprensión e interpretación da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización do pensamento a través da lectura comprensiva dos textos explicativos da materia, onde se tratan os contidos teóricos referidos ao uso e interpretación da simboloxía da linguaxe musical, ao coñecemento de estilos e etapas creativas, á ciencia organolóxica, ou mesmo a través do procesamento da información que se difunde sobre intérpretes e compositores. Tamén a través da lectura comprensiva dos enunciados das actividades propostas, a través da lectura dramatizada de libretos operísticos ou zarzuelísticos e das letras de cancións, se desenvolve esta competencia básica.

A lingua como instrumento de comunicación de mensaxes orais que se intercambian en situacións comunicativas diversas é unha constante nas clases de música, nas explicacións sobre como interpretar partituras, enunciado de normas para compoñer, improvisar, tocar, cantar, actuar en conxunto, etc.

Outras funcións da linguaxe, como son dialogar, expresar pensamentos, emocións, opinións, formarse un xuízo crítico e ético, acádase nas clases de música mediante a exposición das características musicais presentes nas audicións, enmarcando a obra, así como mediante a expresión dos propios gustos, a través da elaboración de opinións fundadas, xuízos de valor e mesmo aprendendo a utilizar os termos axeitados para describir unha determinada peza musical.

Moitos dos contidos da materia trabállanse visualizando películas e documentais e traballando os contidos de maneira oral e escrita, dado que moitos destes materiais

audiovisuais están en inglés subtulado, trabállase tamén o uso funcional dunha lingua estranxeira.

Competencia matemática.

Esta competencia desenvólvese en música basicamente a través de dúas canles: por unha banda, a métrica, que vén artellada polas relacións de divisibilidade e proporcionalidade entre figuras (as figuras son representacións gráficas de duracións de diversas magnitude e a construción rítmica precisa da capacidade para solventar problemas aritméticos con fraccións), e, por outra banda, a medida da altura, a través das unidades ton e semitón, tendo que utilizar nesta materia de xeito constante o cálculo mental para obter resultados sinxelos de forma exacta.

Desta forma se manexan os elementos matemáticos básicos en situacións procedentes doutros campos de coñecemento, neste caso, do eido musical.

Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico.

Mediante a execución de xogos rítmicos, conformados a través de combinacións de movementos de distintos segmentos corporais seguindo unha secuencia rítmica, actívase esta competencia.

Analizando o funcionamento da industria discográfica, incrementando o coñecemento dos elementos musicais e ampliando o repertorio de obras e cancións, trabállase tamén esta competencia, pois os alumnos aprenden a analizar a realidade, as mensaxes informativas e publicitarias e desenvolven un espírito crítico que os fará consumidores racionais e responsables na vida cotiá.

A aprendizaxe dos correctos hábitos de saúde auditiva e vocal e o estudo do contorno acústico son parte desta competencia básica, relacionada co coidado do ambiente, e coa protección da saúde individual e colectiva como elementos clave da calidade de vida das persoas.

Tratamento da información e competencia dixital.

No área de Música cómpre facer uso das novas tecnoloxías da información para ampliar e actualizar certos contidos. Os alumnos e alumnas poderán deste xeito aumentar os seus coñecementos en determinados ámbitos de forma autónoma e eficaz.

Por outra banda, os alumnos traballan con programas informáticos de audición e edición musical, a parte de programas de procesamento de textos ou textos e imaxes, co que producen de modo eficiente información utilizando novos recursos expresivos.

Competencia social e cidadá.

Escoitando, tocando, cantando e analizando músicas de diversas culturas os alumnos e alumnas aprenden valores como a tolerancia, a apertura a novas formas de expresión ou o respecto e gozan co enriquecemento que supón o acercamento a diferentes realidades. Como cada día a nosa sociedade é máis plural, estas experiencias serven para favorecer a formación dunha conciencia cívica e para aprender a exercer a cidadanía democrática.

As manifestacións culturais actuais -e entre elas, as musicais- proceden en gran medida das achegas das diferentes culturas ao longo dos séculos. Comprender isto amplía a visión dos alumnos e alumnas, e favorece o desenvolvemento do sentimento de cidadanía global.

Noutra orde de cousas, nas interpretacións colectivas os alumnos e alumnas teñen que aprender a aceptar as normas que esixe toda actividade grupal cooperativa, co que se lles ensina a manter unha actitude construtiva, solidaria e responsable, algo indispensable para a convivencia democrática.

Competencia cultural e artística.

A través da escoita e interpretación de pezas musicais os alumnos e alumnas aprenden a achegarse, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes

manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e goce e considéralas como parte do patrimonio dos pobos.

Por unha banda, durante a escoita, desenvólven a habilidade para apreciar e gozar coa arte, enriquecéndose con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura, pero, por outra banda, mediante actividades de composición e interpretación de pezas musicais, porán en funcionamento a iniciativa, a imaxinación e a creatividade para expresarse a través de códigos artísticos e, na medida en que algunhas actividades culturais e artísticas supoñen en moitas ocasións un traballo colectivo, cómpre dispoñer de habilidades de cooperación para contribuír á consecución dun resultado final.

Competencia para aprender a aprender.

Esencialmente a aprendizaxe de calquera instrumento musical desenvolve actitudes de autosuperación e autodisciplina, implicando a conciencia, xestión e control das propias capacidades e coñecementos dende un sentimento de competencia ou eficacia persoal. Por todo isto, consideramos que os alumnos e alumnas estudando música aprenden a aprender.

Autonomía e iniciativa persoal.

Aprendendo a ler e interpretar partituras, aprendendo a diferenciar estilos e parámetros musicais en audicións, aprendendo a compondor e/ou arranxar pezas musicais, aprendendo a coordinarse nas interpretacións colectivas e nos traballos de investigación en grupo nos que cómpre facer repartos de tarefas, os alumnos e alumnas traballan as capacidades necesarias para o desenvolvemento da autonomía e iniciativa persoal.

Obxectivos xerais de etapa da materia de Música

A ensinanza da música nesta etapa terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

- Utilizar a voz, o corpo, obxectos, instrumentos e dispositivos electrónicos para expresar ideas e sentimentos, enriquecendo as propias posibilidades de comunicación e respectando outras formas distintas de expresión.
- Desenvolver e aplicar diversas habilidades e técnicas que posibiliten a creación, a interpretación vocal e a instrumental, o movemento e a danza, tanto de forma individual como en grupo.
- escoitar unha ampla variedade de obras, de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, apreciando o seu valor como fonte de coñecemento, enriquecemento intercultural e gozo persoal, interesándose por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.
- Recoñecer as características de diferentes obras musicais como exemplos da creación artística e do patrimonio cultural, recoñecendo as súas intencións e funcións e aplicando a terminoloxía apropiada para describilas e valoralas criticamente.
- Utilizar de forma autónoma diversas fontes de información -medios audiovisuais, internet, textos, partituras e outros recursos gráficos- para o coñecemento e gozo da música.
- Coñecer e utilizar diferentes medios audiovisuais e tecnoloxías da información e da comunicación como recursos para a produción musical, valorando a súa contribución ás distintas actividades musicais e á aprendizaxe autónoma da música.
- Participar na organización e realización de actividades musicais desenvolvidas nos diferentes contextos, con respecto e disposición para superar estereotipos e prexuízos, tomando conciencia, como membro dun grupo, do enriquecemento que se produce coas contribucións dos demais.

- Comprender e valorar as relacións entre a linguaxe musical e outras linguaxes e ámbitos de coñecemento, así como a función e o significado da música en diferentes producións artísticas e audiovisuais e nos medios de comunicación.
- Elaborar xuízos e criterios persoais, mediante unha análise crítica dos diferentes usos sociais da música, sexa cal sexa a súa orixe, aplicándoos con autonomía e iniciativa a situacións cotiás e valorando a contribución que a música lle proporciona á comunidade.
- Valorar o silencio e o son como fenómenos naturais e como elementos musicais, tomando conciencia da súa función como parte integral do ambiente e utilizando coñecementos da ecoloxía acústica para aproximarse a paisaxes sonoras de diferentes épocas e espazos para combater a polución sonora.

A avaliación na ESO

A avaliación debe abranguer tanto a actividade de ensinanza coma a de aprendizaxe e que debe ser constituído un proceso continuo, sistemático, flexible e integrador. Este proceso ten como obxectivos:

1. Coñecer a situación de partida dos compoñentes que inciden no proceso no momento en que se propón a avaliación.
2. Facilitar a formulación dun modelo de actuación adecuado ao contexto, en función dos datos anteriores.
3. Seguir a evolución do desenvolvemento e aprendizaxe dos alumnos.
4. Tomar as decisións necesarias para adecuar o deseño e desenvolvemento da nosa acción educadora ás necesidades e logros detectados nos alumnos e nos seus procesos de aprendizaxe.

Procedementos de avaliación

Os procedementos que se empregarán para a avaliación dos alumnos ó longo do segundo ciclo son os seguintes:

- Actividades de definición dun concepto. Ó estudante pídeselle que defina calquera dos conceptos expostos na clase, ben oralmente ou mediante unha proba obxectiva.
- Actividades de exposición temática. Expoñer un tema ou parte do mesmo, tanto explorado e deseñado polo propio alumno, como exposto na aula. Tomaranse en conta sobre todo a claridade dos conceptos.
- Actividades de análise e recoñecemento das obras musicais explicadas na clase.
- Probas escritas e cuestionarios sobre as unidades didácticas.
- Intercambios orais entre os propios alumnos e debates.
- Traballos creativos sobre determinados temas propostos polo profesor ou os propios alumnos (murais, gravacións, coreografías, representacións, composicións, etc...).

- Lectura e interpretación de partituras individual e colectivamente.
- Observación directa na interpretación vocal e instrumental e na execución de danzas do repertorio traballado na aula.
- Revisión e corrección dos cadernos de traballo.
- Observación directa do alumno para ver se sabe utilizar distintos procedementos en situacións diferentes: ante unha audición, as distintas discriminacións, tonal, tímbrica, harmónica...
- Comproba-lo grao de automatización adquirido dos procedementos.
- Supervisa-los cadernos de prácticas.

Ademais de saber os contidos e os procedementos para a adquisición dos mesmos, o alumno debe tamén saber valorar, e isto conséguese coa aprendizaxe de actitudes. Para iso pódense establecer tamén tarefas de avaliación:

- Comprobación de que o alumno sabe en qué consiste a actitude, valor e norma, por exemplo enumerando as accións que deben levarse a cabo para a interpretación colectiva dunha obra musical.
- Valoración da necesidade da súa existencia, por exemplo vendo se os alumnos son capaces de redactar un escrito en pro ou en contra de determinado estilo musical como froito da reflexión sobre unha audición.

1. SEGUNDO CURSO DE E.S.O.

1. 1. Obxectivos

BLOQUE 1.- ESCOITA:

1. Diferenciar entre son afinado e ruído.
2. Identificar os elementos do son: timbre, duración, intensidade e altura.
3. Diferenciar auditivamente os ritmos básicos: binario e ternario.
4. Diferenciar os temas ou frases diferentes que se escoitan nas pezas musicais propostas para tal fin.
5. Diferenciar matices, termos de velocidade e carácter nas audicións propostas para tal fin.
6. Diferenciar as principais texturas nunha audición, coa axuda da partitura.
7. Identificar e clasificar as voces humanas polo seu rexistro e coñecer as máis habituais.
8. Identificar polo seu timbre os instrumentos percusivos de altura indeterminada e determinada.
9. Coñecer auditivamente os instrumentos musicais (sós ou combinados con outros instrumentos) da orquestra, da banda e populares galegos e doutras culturas e clasificalos na familia á que pertencen.
10. Identificar os instrumentos que sobresaen na melodía e os que destacan no acompañamento nos fragmentos de audicións propostas.
11. Coñecer e identificar as agrupacións instrumentais máis habituais.
12. Identificar os instrumentos que se escoiten en fragmentos de diversos estilos musicais: blues, ragtime, soul, jazz, rock, folk, música latina....
13. Seguir a liña melódica nunha partitura mentres escoitan unha audición.

14. Ser capaces de seguir unha partitura mentres escoitan unha canción.
15. Coñecer e apreciar a música culta, escoitando fragmentos de obras de diversas épocas artísticas.
16. Coñecer e apreciar a música popular instrumental galega e doutras comunidades e culturas.
17. Coñecer ritmos e danzas latinas.
18. Coñecer e diferenciar estilos musicais que se popularizaron ao longo da historia da sociedade coma o jazz, rock, folk...

BLOQUE 2.- INTERPRETACIÓN:

1. Entoar fragmentos rítmico-melódicos coa voz.
2. Entoar cancións populares galegas e doutras comunidades e culturas.
3. Interpretar con percusión corporal e instrumental (pequena percusión) fragmentos rítmicos.
4. Interpretar unha melodía con instrumentos escolares de altura determinada: frauta e instrumentos de lámina.
5. Aprender normas e actividades básicas da interpretación grupal: silencio, atención ao director/a, memoria musical, expresión, matices...
6. Utilizar as TIC nas actividades musicais propostas e coñecer a súa utilidade.
7. Conseguir que se interesen pola correcta interpretación musical grupal, creando un ambiente de colaboración e respecto.
8. Potenciar a memorización de melodías para cantar e /ou tocar e os acompañamentos instrumentais e corporais.
9. Potenciar a lectura de partituras ao seu nivel con certa soltura.
10. Explorar e practicar as posibilidades da voz e do seu corpo na interpretación musical.

BLOQUE 3.- CREACIÓN:

1. Improvisar acompañamentos, melódicos e rítmicos de forma individual e grupal, co corpo e con instrumentos escolares.
2. Experimentar escrituras non convencionais para anotar esquemas formais ou calquera característica musical dunha obra.
3. Utilizar os recursos informáticos na escritura de partituras e traballos en grupo.
4. Escribir un texto a partir dunha melodía dada.
5. Inventar unha melodía a partir dun texto.
6. Facer actividades plásticas creativas sobre as audicións propostas.
7. Realizar traballos de investigación sobre os diferentes estilos musicais que escoitan.

BLOQUE 4.- CONTEXTOS MUSICAIS:

1. Coñecer as diferentes épocas artísticas que se desenvolveron ao longo da historia da música.
2. Aprender o nome dos compositores máis relevantes da música culta e saber encadralos na súa época artística.
3. escoitar e aprender a diferenciar os distintos estilos que xorden na música popular (jazz, rock, folk, música tradicional...).
4. Utilizar material impreso, internet, DVD para investigar coñecer, ver e escoitar instrumentos, agrupacións instrumentais e vocais, grandes intérpretes, estilos musicais...
5. escoitar e analizar a música nos medios de comunicación: cine, tv, radio, internet...
6. Coñecer a evolución da música de consumo na sociedade.

7. Valorar e respectar todas as manifestación musicais que escoiten ao longo do curso entendéndoas no seu contexto histórico.

1.2. Obxectivos Mínimos

1. Identificar os elementos do son: timbre, duración, intensidade e altura.
2. Diferenciar matices, termos de velocidade e carácter nas audicións propostas para tal fin.
3. Identificar e clasificar as voces humanas polo seu rexistro e coñecer as máis habituais.
4. Identificar polo seu timbre os instrumentos percusivos de altura indeterminada e determinada.
5. Coñecer auditivamente os instrumentos musicais (sos ou combinados con outros instrumentos) da orquestra e populares galegos e doutras culturas e clasificalos na familia á que pertencen.
6. Identificar os instrumentos que se escoiten en fragmentos de diversos estilos musicais: blues, ragtime, soul, jazz, rock, folk, música latina....
7. Coñecer e apreciar a música culta, escoitando fragmentos de obras de diversas épocas artísticas.
8. Coñecer e diferenciar estilos musicais que se popularizaron ao longo da historia da sociedade coma o jazz, rock, folk...
9. Entoar cancións populares galegas e doutras comunidades e culturas
10. Interpretar con percusión corporal e instrumental (pequena percusión) fragmentos rítmicos.
11. Interpretar unha melodía con instrumentos escolares de altura determinada: frauta e instrumentos de lámina.
12. Aprender normas e actividades básicas da interpretación grupal: silencio, atención ao director/a, memoria musical, expresión, matices...
13. Utilizar as TIC nas actividades musicais propostas e coñecer a súa utilidade.

14. Experimentar escrituras non convencionais para anotar esquemas formais ou calquera característica musical dunha obra.
15. Facer actividades plásticas creativas sobre as audicións propostas.
16. Realizar traballos de investigación sobre os diferentes estilos musicais que escoitan.
17. Coñecer as diferentes épocas artísticas que se desenvolveron ao longo da historia da música.
18. Aprender o nome dos compositores máis relevantes da música culta e saber encadralos na súa época artística.
19. escoitar e aprender a diferenciar os distintos estilos que xorden na música popular (jazz, rock, folk, música tradicional...).
20. Utilizar material impreso, internet, DVD para investigar coñecer, ver e escoitar instrumentos, agrupacións instrumentais e vocais, grandes intérpretes, estilos musicais...
21. escoitar e analizar a música nos medios de comunicación: cine, tv, radio, internet...

1.3. Contidos

Bloque 1. escoita

1. Aplicación de estratexias de atención, audición interior, memoria comprensiva e anticipación durante a propia interpretación e creación musical.
2. Utilización de recursos corporais, vocais e instrumentais, medios audiovisuais e tecnolóxicas, textos, partituras e musicogramas.
3. Elementos que interveñen na construción dunha obra musical (melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo e dinámica) e identificación destes na audición e na análise de obras musicais.
4. Clasificación e discriminación auditiva dos diferentes tipos de voces.
5. Clasificación e discriminación dos distintos instrumentos, tanto da orquestra como da música popular galega e doutros estilos propios da música urbana (rock, jazz...)
6. Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais.
7. A música en directo: os concertos e outras manifestacións musicais.
8. Interese por coñecer músicas de distintas características e por ampliar e diversificar as propias preferencias musicais.
9. O silencio na audición.
10. Valoración da audición como forma de comunicación e como fonte de coñecemento e enriquecemento.

11. Interese por desenvolver hábitos saudables de escoita e de respecto aos demais durante a escoita.

Bloque 2. Interpretación

1. A voz e a palabra como medios de expresión musical: características e habilidades técnicas e interpretativas.
2. Exploración e descubrimento das posibilidades da voz como medio de expresión musical e práctica da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e o ton.
3. Os instrumentos e o corpo como medios de expresión musical: características e habilidades técnicas e interpretativas.
4. Interese polo coñecemento e coidado da voz, o corpo e os instrumentos.
5. Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas (vocal, instrumental e corporal) propias e respecto ante outras capacidades e formas de expresión.
6. Interpretacións vogais e instrumentais de cancións tradicionais de Galicia.

Bloque 3. Creación

1. A improvisación, a elaboración de arranxos e a composición como recursos para a creación musical.
2. Improvisación vocal e instrumental, individual e en grupo, en resposta a distintos estímulos musicais e extra musicais.

3. Sensibilidade estética fronte a novas propostas musicais, a través do recoñecemento dos elementos creativos e innovadores destas.
4. Valoración da lectura e a escritura musical e dos distintos medios de gravación sonora como recursos para o rexistro e difusión dunha obra musical.

Bloque 4. Contextos musicais.

1. Coñecemento das manifestacións musicais máis significativas do patrimonio musical occidental e doutras culturas. Música tradicional galega.
2. Recoñecemento da pluralidade de estilos na música actual.
3. Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores e compositoras, intérpretes, concertos e producións musicais en vivo ou gravadas.
4. O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento e goce da música.
5. A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica, publicitaria. Análise da música utilizada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais.
6. O consumo da música na sociedade actual. Sensibilización e actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música e ante a polución sonora.

1.4. Contidos mínimos

Bloque 1. escoita

1. Aplicación de estratexias de atención, audición interior, memoria comprensiva e anticipación durante a propia interpretación e creación musical.
2. Elementos básicos que interveñen na construción dunha obra musical (melodía, ritmo, timbre, textura, forma, tempo e dinámica)
3. Clasificación e discriminación auditiva dos diferentes tipos de voces e instrumentos.
4. Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais.
5. A música en directo: os concertos e outras manifestacións musicais.
6. Interese por coñecer músicas de distintas características e por ampliar e diversificar as propias preferencias musicais.
7. silencio na audición.
8. Valoración da audición como forma de comunicación e como fonte de coñecemento e enriquecemento.
9. Interese por desenvolver hábitos saudables de escoita e de respecto aos demais durante a escoita.

Bloque 2. Interpretación

1. A voz e a palabra como medios de expresión musical.
2. Os instrumentos e o corpo como medios de expresión musical
3. Interese polo coñecemento e coidado da voz, o corpo e os instrumentos.

4. Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas (vocal, instrumental e corporal) propias e respecto ante outras capacidades e formas de expresión.
5. Interpretacións vogais e instrumentais de cancións tradicionais de Galicia.

Bloque 3. Creación

1. A improvisación, a elaboración de arranxos e a composición como recursos para a creación musical.
2. Sensibilidade estética fronte a novas propostas musicais, a través do recoñecemento dos elementos creativos e innovadores destas.

Bloque 4. Contextos musicais.

1. Coñecemento das manifestacións musicais máis significativas do patrimonio musical occidental e doutras culturas. Música tradicional galega.
2. Recoñecemento da pluralidade de estilos na música actual.
3. Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores e compositoras, intérpretes, concertos e producións musicais en vivo ou gravadas.
4. O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento e goce da música.
5. A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica, publicitaria.

1.5. Temporalización

1ª AVALIACIÓN:

UNIDADE 1

O son. Calidades do son

- O son: produción, propagación e audición do son. Son e ruído.
- O silencio. O silencio na sociedade actual: a contaminación acústica.
- Calidades do son.
- Grafías alternativas.
- Actividades de autoavaliación, interpretación, creación, audición.

UNIDADE 2

Calidades do son: a altura

- Elementos da linguaxe musical que determinan a altura: notas, escala, pentagrama, claves, ton e semitón, intervalo, alteracións, escala diatónica.
- Actividades de autoavaliación, interpretación, creación, audición.

UNIDADE 3

Calidades do son: a duración

- Elementos da linguaxe musical que determinan a duración: figuras, silencios, compases, signos de prolongación, tempo.
- Actividades de autoavaliación, interpretación, creación, audición.

UNIDADE 4

Calidades do son: a intensidade

- Elementos da linguaxe musical que determinan a intensidade: matices.
- Outras indicacións expresivas: termos de carácter, fraseo e articulación.
- Actividades de autoavaliación, interpretación, creación, audición.

2ª AVALIACIÓN:

UNIDADE 5

Calidades do son: o timbre

- A voz e a súa clasificación: emisión da voz, clasificación da voz.
- Agrupacións vogais.
- Os instrumentos e a súa clasificación: clasificación segundo as familias da orquestra, clasificación segundo o elemento vibratorio.
- Agrupacións instrumentais.
- Notación para o timbre.
- Actividades de autoavaliación, interpretación, creación, audición.

UNIDADE 6

A organización do son: ritmo, melodía, textura

- Ritmo: ritmos básicos, fórmulas rítmicas.
- Melodía: Tonalidade, escala diatónica, outras escalas, estrutura da melodía, deseños melódicos.
- Harmonía: consonancia e disonancia, acordes.
- Textura: escritura horizontal, escritura vertical.
- O estilo musical.
- Actividades de autoavaliación, interpretación, creación, audición.

3ª AVALIACIÓN:

UNIDADE 7

A estrutura da música: a forma musical

- Principios de construcción formal. A representación da forma musical.
- Tipos de formas musicais: clasificación xeral.
- Formas da música vogal.
- Formas da música instrumental.
- As formas simples: primaria, binaria, ternaria, rondó, tema e variacións.
- Evolución das formas musicais.
- Actividades de autoavaliación, interpretación, creación, audición.

UNIDADE 8

O contido e a función da música: o xénero musical

- Clasificación dos xéneros musicais.
- Músicas do Mundo.
- Evolución dos grandes xéneros musicais: música culta, música popular.
- A música para o teatro e o cine.
- Actividades de autoavaliación, interpretación, creación, audición.

1.6. Criterios de avaliación

- ❑ Recoñece-los parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, empregando unha linguaxe técnica apropiada ó referirse a eles.
- ❑ Percibir e identificar o silencio, entendido como elemento estruturador do son, incorporándoo á análise das producións musicais, tanto as que se compuxeron como as que se escoitaron. Sensibilizarse ante o exceso de produción de ruído e a contaminación sonora.
- ❑ Ler con soltura e cantar as notas en clave de sol en segunda. Seguir partituras simples, tanto en audición como á hora de interpretalas instrumental ou vocalmente.
- ❑ Coñecer os signos básicos da partitura (notas, figuras, matices, tempo...)
- ❑ Apreciar e distinguir-los esquemas rítmico-melódicos, así como os elementos harmónicos básicos empregados na creación musical.
- ❑ Analizar e comprende-los conceptos de monodia e de polifonía e recoñecer, a través da audición, estes tipos de textura e as formas máis sinxelas da construción musical.
- ❑ Relacionar basicamente a música con algunhas das outras manifestacións artísticas.
- ❑ Intervir nas actividades de interpretación musical (vocal, instrumental ou de movemento) adaptando a súa expresión ó conxunto e respectando as normas básicas de actuación.
- ❑ Interpretar con instrumentos e con voz cancións de diferentes repertorios (música tradicional galega, música doutras culturas, doutros períodos, de diferentes estilos populares, etc...).
- ❑ Recoñecer auditivamente e determinar a época ou cultura á que pertencen distintas obras musicais escoitadas previamente na aula, interesándose por ampliar as súas preferencias.
- ❑ Coñecer e diferencia-los distintos instrumentos auditiva e visualmente, así como os tipos de voz humana e agrupacións instrumentais.
- ❑ Iniciarse na utilización dalgúns dos recursos tecnolóxicos dispoñibles, de forma que se demostre un coñecemento básico das técnicas e procedementos necesarios

para gravar e reproducir música e para realizar sinxelas producións audiovisuais.

- ❑ Saber concentrarse para escoitar e traballar.
- ❑ Comunicar os demais xuízos persoais acerca da música escoitada.
- ❑ Respecta-la música e o folclore propio e doutras culturas.
- ❑ Ter actitude aberta e de respecto fronte as músicas propostas en clase.

1.7. Criterios mínimos de avaliación

- ❑ Recoñece-los parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical.
- ❑ Sensibilizarse ante o exceso de produción de ruído e a contaminación sonora.
- ❑ Coñecer a colocación das notas na clave de sol en segunda e ser capaz de seguir unha partitura sinxela nesta clave.
- ❑ Coñecer os signos básicos da partitura (notas, figuras, matices, tempo...)
- ❑ Interpretar con instrumentos e con voz cancións de diferentes repertorios (música tradicional galega, música doutras culturas, doutros períodos, de diferentes estilos populares, etc...).
- ❑ Analizar e comprende-los conceptos de monodia e de polifonía e as formas máis sinxelas da construción musical.
- ❑ Intervir nas actividades de interpretación musical (vocal, instrumental ou de movemento) respectando as normas básicas de actuación.
- ❑ Coñecer e diferencia-los distintos instrumentos, así como os tipos de voz humana e as agrupacións instrumentais.
- ❑ Iniciarse na utilización dalgúns dos recursos tecnolóxicos dispoñibles, de forma que se demostre un coñecemento básico das técnicas e procedementos necesarios para gravar e reproducir música e para realizar sinxelas producións audiovisuais.
- ❑ Recoñecer auditivamente e determinar a época ou cultura á que pertencen distintas obras musicais escoitadas previamente na aula, interesándose por ampliar as súas preferencias.
- ❑ Saber concentrarse para escoitar e traballar.

- ❑ Respecta-la música e o folclore propio e doutras culturas.
- ❑ Ter actitude aberta e de respecto fronte as músicas propostas en clase.

2. CUARTO CURSO DE E.S.O.

2.1. Obxectivos

1. Analiza-los elementos que compoñen unha audición musical, ritmo, melodía e harmonía, identificando a súa estrutura.
2. Coñece-la voz como medio de expresión, así como as súas tipoloxías e habilidades técnicas propias.
3. Amplia-lo coñecemento da linguaxe musical mediante o estudio da mesma e a práctica instrumental.
4. Coñecer un amplo repertorio de cancións do folclore galego, do resto de España, e de distintas culturas do planeta, sendo consciente das súas intencións e funcións e aplicando a terminoloxía apropiada para describilas e valoralas criticamente..
5. escoitar unha ampla variedade de obras, de distintos estilos, xéneros, tendencias, e culturas musicais, apreciando o seu valor como fonte de coñecemento, enriquecemento intercultural e pracer persoal e interesándose por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.
6. Coñecer instrumentos étnicos e folclóricos das distintas culturas e recoñecelos visual e auditivamente.
7. Respecta-las normas básicas da interpretación instrumental.
8. Ler con fluidez partituras de distinta complexidade, sendo capaces de interpretalas correctamente cos instrumentos da aula.
9. Valora-la importancia do silencio nas interpretacións grupais.
10. Utilizar a voz, o corpo, obxectos, instrumentos e recursos tecnolóxicos para expresar ideas e sentimentos, enriquecendo as propias posibilidades de comunicación e respectando outras formas distintas de expresión.

11. Desenvolver e aplicar diversas habilidades e técnicas que possibiliten a interpretación (vocal, instrumental e de movemento e danza) e a creación musical, tanto individuais como en grupo.
12. Coñecer e interpretar fórmulas polirrítmicas instrumentalmente.
13. Desentra-lo respecto ás distintas formas de expresión musical, propias de cada país ou raza.
14. Coñecer as distintas manifestacións musicais a través da historia e a súa significación no ámbito artístico e sociocultural.
15. Coñece-los usos da música nos distintos medios audiovisuais: cine e televisión.
16. Utilizar de forma autónoma diversas fontes de información –medios audiovisuais, internet, textos, partituras e outros recursos gráficos- para o coñecemento e goce da música.
17. Aportar ás tarefas creativas realizadas en grupo aspectos persoais que as enriquezan tanto no técnico como no humano.
18. Amosar un espírito aberto ás aportacións do demais con tolerancia e respecto.
19. Tomar conciencia da influencia da música na nosa sociedade e coñece-los usos sociais ós que se destina.
20. Coñece-las principais correntes da música actual, orixes, características xerais e principais representantes.
21. Sensibilizarse ante o fenómeno comercial que a música comporta e as súas posibles implicacións manipulativas como fenómeno de masas.
22. Desenvolver e consolidar hábitos de respecto e disciplina como condición necesaria para o desenvolvemento das actividades musicais.
23. Coñecer e apreciar o patrimonio cultural e contribuír activamente á súa conservación e mellora, entender a diversidade lingüística e cultural como un dereito dos pobos e os individuos e desenvolver unha actitude de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

2.2. Obxectivos Mínimos

1. Coñecer e respecta-las manifestacións musicais do folclore propio e doutras partes do mundo.
2. Coñecer os principais instrumentos étnicos e folclóricos das distintas culturas.
3. Respecta-las normas básicas da interpretación vocal e instrumental.
4. Ler partituras sinxelas co fluidez e interpretalas correctamente coa frauta doce e os instrumentos da aula.
5. Opinar con fundamento sobre a mensaxe estética que transmite unha obra musical, así como as connotacións socioculturais da mesma e os usos sociais ós que se destina.
6. Coñece-las principais correntes da música actual, as características xerais de cada estilo e os seus principais representantes.
7. Coñecer estilos de música popular doutras épocas, como o jazz. Coñece-las súas principais características, correntes e representantes.
8. Coñecer e diferencia-las características xerais da música de cada período histórico estudado.
9. Coñece-los usos da música nos distintos medios audiovisuais actuais, e tomar conciencia do fenómeno comercial que comporta a música.
10. -Saber traballar en equipo, aceptando as normas do grupo e respectando as opinións dos demais.
11. Utilizar de forma autónoma diversas fontes de información –medios audiovisuais, internet, textos, partituras e outros recursos gráficos- para o coñecemento e goce da música.
12. Coñecer e apreciar o patrimonio cultural e contribuír activamente á súa conservación e mellora, entender a diversidade lingüística e cultural como un dereito dos pobos e os individuos e desenvolver unha actitude de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

2.3. Contidos

Bloque 1. Audición e referentes musicais

1. A música como un elemento cunha presenza constante na vida das persoas: A audición de música na vida cotiá, nos espectáculos e nos medios audiovisuais. Reflexión sobre esa presenza incesante nas nosas vidas e a necesidade do silencio.
2. Audición, recoñecemento, análise e comparación da música de diferentes xéneros, estilos e culturas.
 - Diferenzas conceptuais entre música popular urbana, a música tradicional e a música chamada culta.
 - O Jazz:
 - Orixe e evolución do Jazz.
 - Instrumentos do Jazz.
 - Distintas correntes de Jazz.
 - Principais músicos deste estilo.
 - O Jazz no cine.
 - Músicas do mundo:
 - A música tradicional e popular en Iberoamérica.
 - A música en Norteamérica.
 - África: a música no Islam e no resto do continente africano.
 - A música asiática: Oriente Próximo e Lonxano Oriente.
 - A música en Oceanía
 - A música tradicional e folclórica en Europa.
 - A música tradicional e folclórica en española .
 - A música tradicional e folclórica galega.
 - Características e instrumentos típicos de cada estilo e cultura.
 - Audición de música de distintos xéneros, estilos e culturas.
 - Interpretación de obras instrumentais e vogais dos diferentes xéneros,

- estilos e culturas.
- Investigación da obra musical, autor e estilo.
 - Visionado e análise de películas relacionadas cos distintos estilos de música estudados.
 - Preparación, audición e debate de música en directo.
 - Traballos escritos e exposicións na aula sobre estilos, grupos e obras da música dos distintos períodos e da música actual.
 - Realización de traballos artísticos creativos sobre os distintos temas propostos (vídeos, murais, cadros, representacións, poemas...)
3. Utilización de distintas fontes de información para obter referencias sobre músicas de diferentes épocas e culturas, incluídas as actuais, e sobre a oferta de concertos e outras manifestacións musicais, tanto en vivo como divulgadas a través dos medios de comunicación.
 4. A música nos medios de comunicación. Factores que inflúen nas preferencias e nas modas musicais.
 5. A crítica como medio de información e valoración do feito musical. Análise de críticas musicais e uso dun vocabulario apropiado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada.
 6. A edición, comercialización e difusión da música. Novas modalidades de distribución da música e as súas consecuencias para os profesionais da música e da industria musical.
 7. Interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas.
 8. Rigor na utilización dun vocabulario adecuado para describi-la música.

Bloque 2. Interpretación e creación.

1. Conceptos básicos da linguaxe musical:

- Noción de pentagrama, clave, compás, notas, figuras e silencios, liñas adicionais.
- Signos de prolongación: ligadura, o puntiño e o caldeirón.
- A anacruse e a síncopa.
- Signos de repetición.
- Alteracións propias e accidentais. A armadura da clave.
- Elementos fundamentais da música:
 - Ritmo: polirritmia; pulso e métrica; compases 2/4, 3/4 e 4/4, 2/2, 3/8, 6/8 e amalgamas. Obstinos.
 - Melodía: elementos constitutivos (motivo, frase). Graos da escala. Tipos de escalas.
 - Harmonía: Textura (monodia/polifonía). Intervalos. Tonalidade e modalidade. Acorde fundamentais. Cadencias básicas.
- O matiz. Modificacións do aire. Acentuación.

2. Práctica e aplicación de habilidades técnicas en grao crecente de complexidade e concertación coas outras partes do conxunto na interpretación instrumental e vogal.
3. Interpretación de pezas vogais e instrumentais aprendidas de oído e /ou mediante lectura de partituras.
4. Utilización de diferentes técnicas, recursos e procedementos compositivos na improvisación, elaboración de arranxos e creación de pezas musicais.
5. Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención continuada ó director e ós compañeiros. escoita a un mesmo e ós demais. Actuación no momento preciso.
6. Planificación, ensaio, interpretación, dirección e avaliación de espectáculos musicais na aula e noutros espazos e contextos.
7. Ámbitos profesionais da música. Identificación e descrición das distintas facetas e especialidades no traballo dos músicos.

8. Interese por coñece-las posibilidades que ofrece a música nos ámbitos persoal e profesional.

Bloque 3. Música e tecnoloxía.

1. O papel das tecnoloxías na música. Reflexión sobre a repercusión que tivo na música a posibilidade de grava-lo son e a aparición dos ordenadores.
2. Transformación de valores, hábitos, consumo, e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos da última década.
3. Utilización de dispositivos electrónicos, recursos de Internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical.
 - Coñecementos básicos de programas informáticos de aplicación na creación musical.
 - Iniciación ós programas informáticos básicos de contido musical: editores de partituras, editores de audio, editores de video, secuenciadores...
4. Aplicación de diferentes técnicas de gravación, analóxica ou dixital, para rexistra-las creacións propias e as interpretacións realizadas no contexto da aula, así como outras actividades musicais.
5. Análise das funcións da música en distintas producións audiovisuais:
 - A música no cine, na radio e na televisión:
 - Música e publicidade.
 - Visualización e análise de fragmentos de películas representativas das diferentes funcións da música no cine.
 - Análise das funcións da música na publicidade estática e dinámica por medio da observación e do estudio de diferentes anuncios.
6. Sonorización de imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais.
7. Valoración crítica da utilización dos medios audiovisuais e da tecnoloxías da información e a comunicación como recursos para a creación, interpretación, rexistro e difusión das producións sonoras e audiovisuais.

2.4. Contidos Mínimos

Bloque 1. Audición e referentes musicais

1. A música como un elemento cunha presenza constante na vida das persoas: A audición de música na vida cotiá, nos espectáculos e nos medios audiovisuais. Reflexión sobre esa presenza incesante nas nosas vidas e a necesidade do silencio.
2. Audición, recoñecemento, análise e comparación da música de diferentes xéneros, estilos e culturas.
 - O Jazz:
 - Orixe e evolución do Jazz.
 - Instrumentos do Jazz.
 - Distintas correntes de Jazz.
 - Principais músicos deste estilo.
 - Músicas do mundo:
 - A música en América do Norte e en América Latina
 - África: a música no Islam e no resto do continente africano.
 - A música asiática: Oriente Próximo e Lonxano Oriente.
 - A música en Oceanía
 - A música tradicional e folclórica en Europa, España e Galicia.
 - Características e instrumentos típicos de cada estilo e cultura.
 - Audición de música de distintos xéneros, estilos e culturas.
 - Interpretación de obras instrumentais e vogais dos diferentes xéneros, estilos e culturas.
 - Visionado e análise de películas relacionadas cos distintos estilos de música estudados.
 - Traballos artísticos, escritos e exposicións na aula sobre estilos, grupos e obras da música dos distintos períodos e da música actual.
3. A música nos medios de comunicación. Factores que inflúen nas preferencias e nas modas musicais.
4. Interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así

como polos gustos musicais doutras persoas.

Bloque 2. Interpretación e creación.

1. Conceptos básicos da linguaxe musical:

- Noción de pentagrama, clave, compás, notas, figuras e silencios, liñas adicionais.
- Signos de prolongación: ligadura, o puntiño e o caldeirón.
- A anacruse e a síncopa.
- Signos de repetición.
- Alteracións propias e accidentais. A armadura da clave.
- Elementos fundamentais da música:
 - Ritmo: compases 2/4, 3/4 e 4/4, 2/2, 3/8, 6/8. Obstinatos.
 - Melodía: elementos constitutivos (motivo, frase). Graos da escala. Tipos de escalas.
 - Harmonía: Textura (monodia/polifonía). Intervalos. Tonalidade e modalidade. Acordes fundamentais. Cadencias básicas.
- O matiz. Modificacións do aire.

2. Interpretación de pezas vogais e instrumentais aprendidas de oído e /ou mediante lectura de partituras.

3. Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención continuada ó director e ós compañeiros. escoita a un mesmo e ós demais. Actuación no momento preciso.

4. Ámbitos profesionais da música. Identificación e descrición das distintas facetas e especialidades no traballo dos músicos.

Bloque 3. Música e tecnoloxía.

1. Utilización de dispositivos electrónicos, recursos de Internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical.
2. Aplicación de diferentes técnicas de gravación, analóxica ou dixital, para rexistra-las creacións propias e as interpretacións realizadas no contexto da aula, así como outras actividades musicais.
3. Análise das funcións da música en distintas producións audiovisuais:
 - A música no cine, na radio e na televisión:
 - Música e publicidade.
 - Visualización e análise de fragmentos de películas representativas das diferentes funcións da música no cine.
 - Análise das funcións da música na publicidade estática e dinámica por medio da observación e do estudio de diferentes anuncios.
4. Sonorización de imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais.

2.5. Criterios de Avaliación

- ❑ Explicar algunhas das funcións que cumpre a música na vida das persoas e na sociedade.
- ❑ Ler, escribir e comprende-los símbolos gráficos da linguaxe musical, utilizando a grafía convencional.
- ❑ Amosar interese polo coñecemento da linguaxe musical.
- ❑ Interpretar pezas coa voz e con instrumentos de forma correcta, tanto dende o punto de vista técnico como expresivo, de forma individual e en grupo, aprendidas de memoria a través da audición ou mediante a lectura de partitura.
- ❑ Dominar e valora-lo repertorio elixido, amosando interese e actitude participativa.
- ❑ Participar nas actividades de interpretación en grupo asumindo o intercambio de roles que se derive da necesidade musical.
- ❑ Analizar diferentes pezas musicais apoiándose na audición e no uso de documentos impresos como partituras, comentarios ou musicogramas e describi-las súas principais características.
- ❑ Relacionar cada obra musical que se estuda co contexto histórico-xeográfico e a sociedade que reflicte, situando cronoloxicamente ós compositores, estilos, períodos e épocas.
- ❑ Respecta-lo feito musical, aceptando gustos e criterios diferentes ós propios, con argumentos lóxicos e razoados.
- ❑ Expoñer de xeito crítico a opinión persoal respecto a distintas músicas e eventos musicais, argumentándoas en relación á información obtida en distintas fontes como libros, publicidade, programas de concerto, críticas, etc.
- ❑ Coñece-las diversas correntes musicais actuais xunto coas súas principais características e representantes.
- ❑ Coñece-las características básicas do Jazz, os distintos períodos e os principais representantes.

- ❑ Coñecer e valora-las manifestacións musicais das distintas culturas do planeta así como o da propia comunidade, como xeito de afondar na nosa cultura.
- ❑ Saber analizar obras musicais mediante audicións e/ou partituras, atendendo ás súas características formais e rasgos estilísticos máis representativos, e situalas no seu contexto cultural.
- ❑ Explica-los procesos básicos da creación, edición e difusión musical considerando a intervención dos distintos profesionais.
- ❑ Coñecer e valora-lo papel das novas tecnoloxías na creación e reprodución da música a través do seu emprego.
- ❑ Participar activamente nalgunhas das tarefas necesarias para a celebración de actividades musicais no centro: planificación, ensaio, interpretación, difusión, etc.

2.6. Criterios Mínimos de Avaliación

- ❑ Ler, escribir e comprende-los símbolos gráficos básicos da linguaxe musical, utilizando a grafía convencional.
- ❑ Interpretar pezas coa voz e con instrumentos de forma correcta, tanto dende o punto de vista técnico como expresivo, de forma individual e en grupo, aprendidas de memoria a través da audición ou mediante a lectura de partitura.
- ❑ Participar nas actividades de interpretación en grupo con interese e respecto, asumindo o intercambio de roles que se derive da necesidade musical.
- ❑ Analizar diferentes pezas musicais apoiándose na audición e no uso de documentos impresos como partituras, comentarios ou musicogramas e describi-las súas principais características.

- Relacionar cada obra musical que se estuda co contexto histórico-xeográfico e a sociedade que reflicte, situando cronolóxicamente ós principais compositores, estilos, períodos e épocas.
- Expoñer de xeito crítico a opinión persoal respecto a distintas músicas e eventos musicais, argumentándoas en relación á información obtida en distintas fontes como libros, publicidade, programas de concerto, críticas, etc, respectando os gustos e criterios diferentes ós propios.
- Coñece-las características básicas do Jazz, os distintos períodos e os principais representantes.
- Coñecer e valora-las manifestacións musicais das distintas culturas do planeta.
- Coñecer e valora-lo papel das novas tecnoloxías na creación e reprodución da música a través do seu emprego.
- Participar activamente nalgunhas das tarefas necesarias para a celebración de actividades musicais no centro: planificación, ensaio, interpretación, difusión, etc.

2.7. Procedementos de Avaliación

Os procedementos que se empregarán para a avaliación dos alumnos ó longo do segundo ciclo son os seguintes:

- Actividades de definición dun concepto. Ó estudante pídeselle que defina calquera dos conceptos expostos na clase, ben oralmente ou mediante unha proba obxectiva.
- Actividades de exposición temática. Expoñer un tema ou parte do mesmo, tanto explorado e deseñado polo propio alumno, como exposto na aula. Tomaranse en conta sobre todo a claridade dos conceptos.
- Actividades de análise e recoñecemento das obras musicais explicadas na clase.
- Probas escritas e cuestionarios sobre as unidades didácticas.
- Intercambios orais entre os propios alumnos e debates.
- Traballos creativos sobre determinados temas propostos polo profesor ou os propios alumnos (murais, gravacións, montaxe de imaxes e son, composicións, etc...).
- Lectura e interpretación de partituras individual e colectivamente.
- Observación directa na interpretación vocal e instrumental e na execución de danzas do repertorio traballado na aula.
- Revisión e corrección dos cadernos de traballo.
- Observación directa do alumno para ver se sabe utilizar distintos procedementos en situacións diferentes: ante unha audición, as distintas discriminacións, tonal, tímbrica, harmónica...

Ademais disto, o alumno debe tamén amosar certos valores e actitudes cara á materia que tamén se deben ter en conta. Para iso pódense establecer tamén tarefas de avaliación:

- Comprobación de que o alumno sabe en qué consiste a actitude, valor e

norma, por exemplo enumerando as accións que deben levarse a cabo para a interpretación colectiva dunha obra musical.

- Valoración da necesidade da súa existencia, por exemplo vendo se os alumnos son capaces de redactar un escrito en pro ou en contra de determinado estilo musical como froito da reflexión sobre unha audición.

Avaliación da propia programación

O Departamento de Música adicará como mínimo unha reunión do departamento cada trimestre para falar da marcha da programación en cada nivel e realizar as modificacións ou puntualizacións necesarias para o correcto desenvolvemento da mesma.

Así mesmo recollerá tanto nas actas do departamento como na memoria final do curso tódalas modificacións e observacións que se fagan ó longo de cada trimestre co fin de telas en conta á hora de preparar a programación do vindeiro curso.



Asdo. María Cabo Carballal

(Xefa do Departamento)